

Moaña: 21 días en galego

Do 3 ao 23 de febreiro vive as 24 horas na nosa lingua



Chega a VII edición da campaña 21 DÍAS EN GALEGO na que o Concello involucra a todos os centros educativos de Moaña. A infancia, a rapazada e a mocidade propuxéronse usar a nosa lingua do 3 ata o 23 de febreiro como un reto para adquirir un novo hábito e mergullárense de cheo no uso da nosa lingua.

Esta VII edición arranca co bando da Alcaldía para involucrar e animar neste proceso a toda a cidadanía moañesa. Neste contexto chega con forza un ano máis esta campaña na que o alumnado de infantil ata 2º de primaria identificarase cunha chapa co lema **Fálame galego**; tamén lucirá esta chapa o alumnado que de 3º de primaria ata ciclos formativos e bacharelato se inscriba na campaña de maneira voluntaria e, como non, o profesorado, o persoal administrativo, do comedor...

Do 3 ao 23 de febreiro nos centros de educación moañeses teñen o reto de usar o galego en exclusiva as 24 horas e para iso, desde o Concello farémolles chegar, ademais da cartelaría e as chapas, os seguintes xogos de mesa didácticos e educativos:

- **Tarxetas de psicomotricidade** para o alumnado de infantil (de 3 a 6 anos), que ten por finalidade animar moito movemento e aprender unha morea de expresións e nomes de animais que se poden usar en canto xogo se lle ocorra ao profesorado. Nesta edición, incorpórase A Galiña Azul, polo que tamén recibirán un xogo destas tarxetas.

- **A veiga**, que é un xogo cooperativo, xa que pode xogar toda a clase e consiste en regar, sementar, agarda a que medren cenorias, grelos, tomates e patacas ata chegar a apañar estes produtos da horta segundo o que vaia saíndo no dado. Quen xogue ten que tomar decisións ao longo da partida sobre o uso da auga ou o momento idóneo para sementar, apañar...

E coma sempre, serán días cunha morea de actividades de reforzo:

- **En 5º de primaria** desenvólense na semana do 10 de febreiro os obradoiros de regueifas e o mércores 19 participarán no **IV Encontro Escolar de Poesía Improvisada** na Sala Celso Parada en Quintela de 10 a 13 h.

- **En 6º de primaria:** obradoiros de portugués: *O mundo de INHO*. O alumnado descubrirá as similitudes dos sons do galego oral e do portugués e reflexionarán sobre a vocación profesional.
- **En ESO:** Obradoiros sobre o Entroido, impartidos pola comunidade en rede Orgullo Galego, centraranse en amosar ao alumnado a importancia que ten e como poden axudar as redes sociais a divulgar esta tradición para conservala e respectala.
- **En ESO:** Guía didáctica para dar a coñecer e pór en valor as persoas que viven, traballan e comparten coñecemento en lingua galega, ademais de mostrar sensibilidade e defender a cultura propia; trátase dunha guía multidisciplinar para traballar co alumnado de entre 12 e 16 anos. Achega do Catálogo de referentes para revolucionar o galego nos institutos. Ten por obxectivo que o alumnado procure e comparta os seus propios referentes para transmitir a nosa lingua a través da música, da ciencia, do deporte, da comunicación e moitos temas máis.
- **En 1º de bacharelato:** Obradoiros de portugués: *Ops! O portugués simples*. Trátase de ofrecerlle á mocidade unha actividade para desmontar o prexuízo lingüístico da falta de utilidade do galego, pois serve de ponte para acceder ao mundo lusófono e constitúe unha vantaxe competitiva respecto do resto de España e de Europa.

Estas actividades desenvolveranse seguindo o seguinte calendario de febreiro:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<p>3 Comezo da campaña dos 21 días. <i>Ops! O portugués simples</i> no IES As Barxas para 1º bac - 09 a 10.40 - 12.50 a 14.30</p>	<p>4 Presentación do cartel de referentes: - no IES As Barxas ás 10 h - no IES A Paralaia ás 11 h</p>	<p>5</p>	<p>6 <i>O mundo de INHO para 6º</i> - 9.30 a 11.10 no CEIP Domaio - 12 a 13.40 no CEIP da Guia</p>	<p>7 <i>O mundo de INHO para 6º</i> - 9.30 a 11.10 no CEIP Tirán - 12.15 a 13.55 no CEIP Seara</p>
<p>10 <i>Obradoiro de regueifas para 5º</i> CEIP Reibón: - 10.05 a 11.35 h - 12:30 a 14.00 h</p>	<p>11 <i>Obradoiro de regueifas para 5º</i> CEIP Reibón: 10.05 a 11.35 h CEIP Seara: 12.40 a 14.10 h</p>	<p>12 <i>Obradoiro de regueifas para 5º</i> CEIP A Guia: 10.00 a 11.30 h CEIP Domaio: 12.30 a 14.00 h Obradoiro de Orgullo Galego sobre o Entroido para 2º ESO IES AS Barxas: - 9 a 9.50 h - 9.50 a 10.40 h</p>	<p>13 <i>Obradoiro de regueifas para 5º</i> CEIP Abelendo 10.00 a 11.30 CEIP Tirán: 12.30 A 14.00 h</p>	<p>14 <i>Obradoiro de regueifas para 5º</i> CEIP Quintela: 10.00 a 11.30 h <i>O mundo de INHO para 6º</i> CEIP Reibón: - 10.02 a 11-45 - 12.15 a 14.00</p>

<p>17 Obradoiro de Orgullo Galego sobre o Entroido para 3º ESO IES A Paralaia - 16 a 16.50 - 16.50 a 17.40</p> <hr/> <p><i>Ops! O portugués simple</i> no IES A Paralaia para 1º bac - 12.20 a 14 - 16 a 17.40</p> <hr/> <p><i>O mundo de INHO</i> - 9 a 10.40 no CEIP Quintela</p>	<p>18</p>	<p>19 IV Encontro escolar de poesía improvisada en Quintela de 10 a 13 h</p>	<p>20</p>	<p>21</p>
<p>24</p>	<p>25</p>	<p>26 Concerto musical de Alana nos xardíns do Concello de 11 a 13 h aprox.</p>	<p>27</p>	<p>28</p>

Todo o alumnado de 3º de primaria en diante que acade o reto de falar os 21 días en galego levará de “premio” asistir ao **concerto** musical do grupo **Alana** o mércores 26 de febreiro sobre as 11.00 nos soportais da praza do Concello.

Este ano espallamos a campaña dos 21 días en galego á escola infantil A Galiña Azul para as crianzas de 0 a 3 anos e á Escola de Música Municipal de Moaña.

Tamén queremos estender a campaña ao mundo do deporte a través das entidades deportivas de Moaña que desexen participar, tendo en conta a gran cantidade de actividades extraescolares que organizan os clubs e porque estas entidades son un parte moi importante no día a día dos nenos e das nenas que practican algunha actividade deportiva.

É por iso que animamos as entidades deportivas a participar e colaborar nesta campaña dos 21 días en galego, mantendo un compromiso para promover o uso do galego durante os 21 días neste ámbito (adestradores, equipo técnico, directivas etc), xa que son un importante modelo e referente para moitas crianzas e tamén poden selo na promoción do uso do galego no deporte.

Cada ano son máis as persoas que participan, polo que esta campaña vai camiño de consolidarse na comunidade educativa como un estímulo que axude a aumentar a presenza da nosa lingua entre a xente nova durante todo o ano contribuíndo a preservar o noso principal sinal de identidade ao deixar un legado para o futuro.

Desde o Concello animamos a toda a veciñanza, ao comercio, á hostalaría, á banca, ás entidade deportivas... a que se sumen á campaña e usen durante os 21 días o galego para apoiar e animar a nosa comunidade educativa no reto de "capacitarse" en galego e, de paso, atoparse consigo mesma e darlle uso e utilidade ao idioma.

Moaña, 31 de xaneiro de 2025

A concelleira de Normalización Lingüística
Dolores Chapela Pérez